

MESA SECTORIAL DO DÍA 13 DE XULLO DE 2021

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O CURSO 2021-2022

En primeiro lugar queremos trasladar a queixa de que este protocolo pasa pola Mesa Sectorial con pouca marxe de actuación para as Organizacións Sindicais despois de que xa fose publicado e coñecido pola prensa tras a celebración do Consello Escolar de Galicia. En calquera caso, e tendo en conta que as posibles futuras modificacións do protocolo para adaptalo a situacións sanitarias hipotéticas, gustaríanos facer as nosas achegas.

Queremos comezar alegrándonos de que o curso escolar que agora remata se puidese finalizar garantindo a presencialidade do ensino algo que poñiamos en dúbida a principios do mesmo e tamén queremos valorar o esforzo impropio de toda a comunidade educativa (equipos directivos, profesorado, familias, alumnado, persoal de servizos....) para que dita presencialidade fose posible.

Dito isto, para ANPE Galicia é fundamental e prioritario garantir o mantemento de todo o profesorado “COVID” que foi contratado a maiores durante o presente curso escolar. Hai que ter en conta que moitas Comunidades Autónomas xa teñen un compromiso neste senso e mesmo algunhas falan xa de aumentar a dotación de dito profesorado. Insistir novamente no tremendo esforzo e sacrificio de todo o profesorado durante o pasado curso escolar, profesorado que tivo que renunciar en moitos casos a elección de horarios, a elección de quendas; profesorado que tivo que asumir quendas de traballo de tarde, etc. É importante que a administración valore tamén dito esforzo e reforce a dotación de profesorado de todos os centros educativos para aliviar a presión sufrida durante o presente curso académico.

En relación ao artigo 3.1 hai un problema importante de contradición co recollido no último protocolo establecido polo Ministerio de Educación, que lembramos que é de obrigado cumprimento por parte das Administracións Educativas, que recolle que a distancia entre alumnado depende da situación sanitaria que se viva en cada momento falando de varios escenarios posibles. O protocolo presentado pola Consellería de Educación non ten en conta ditos escenarios e fala en todo momento de distancia de 1,2 metros o que entra en contradición co establecido polo protocolo do Ministerio que, para as situacións sanitarias de nivel 3 e 4, establece unha distancia obrigatoria de 1.5 metros. Desde ANPE Galicia estaremos vixiantes de que o protocolo da Xunta de Galicia se adapte e cumpra o establecido polo protocolo do Ministerio para cada situación sanitaria durante todo o curso académico 2021-2022 e denunciaremos os incumprimentos do mesmo. **Tamén estaremos vixiantes sobre o destino dos fondos económicos enviados pola Administración Central para a preparación dos centros educativos fronte a COVID-19 e, en calquera caso, demandamos que ditos fondos se destinen á contratación de profesorado de reforzo COVID.**

Demandamos que se reduza toda a burocracia derivada do presente protocolo xa que moitos dos documentos que xurdiron do protocolo de aplicación do curso pasado non foron utilizados realmente nos centros educativos.

Defendendo sempre a presencialidade do ensino público consideramos que debe mellorarse a conectividade de diversas zonas de Galicia para afrontar un posible ensino telemático. Tamén se deben mellorar determinados aspectos relativos á escolarización domiciliaria no caso de alumnado confinado por mor da pandemia.

Demandamos tamén, que se melloren os protocolos de actuación co profesorado pendente de resultados de probas diagnósticas para evitar os problemas xurdidos a principios do curso académico que

MESA SECTORIAL



ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA

agora remata con profesorado pendente de ditas probas que estaba obrigado a seguir acudindo ao seu centro educativo e mantendo contacto cos seus compañeiros e compañeiras.

A Administración Educativa debe ter en conta que o propio protocolo que presenta ten contradicións dentro do seu propio articulado. Deste xeito, como exemplo, o artigo 2.1.4 establece que as reunións nos centros educativos deben realizarse de xeito telemático, pero sen embargo o artigo 26.4 establece as condicións de distancia que se deben ter para as reunións nos centros e se di que, soamente no caso de non se poidan manter ditas condicións, se realicen enliña.

Demandamos a dotación de máscaras de protección FFP2 para todo o profesorado, dotación de máscaras especiais para o profesorado de AL (máscaras transparentes homologadas e con alto factor de protección) e que **a dotación de dito material non sexa, en ningún caso, a cargo do orzamento dos centros educativos.**

En relación aos equipos COVID, desde ANPE Galicia queremos resaltar o tremendo esforzo que tiveron que facer durante o presente curso escolar e a sobrecarga de traballo burocrático (entre outros) que tiveron que soportar polo que **demandamos redución horaria para o profesorado dos equipos COVID dos centros educativos.**

En relación ao funcionamento dos cafeterías e bibliotecas escolares, desde ANPE Galicia non entendemos porque se modifica algo que estivo funcionando correctamente durante o presente curso escolar. Este documento establece que tanto as cafeterías como as bibliotecas deben pechase se así está establecido para a hostalería e as bibliotecas públicas (respectivamente) do concello no que se sitúan os centros educativos, algo que non foi así durante o presente curso. ANPE Galicia considera que unha cafetería escolar ou unha biblioteca escolar non teñen absolutamente nada que ver cunha cafetería normal ou cunha biblioteca pública polo que defendemos o seu funcionamento como durante o curso que finaliza.

O protocolo indica que os Servizos de Prevención de Riscos Laborais farán valoracións de riscos nos centros de educación especial, algo que xa recollía o protocolo do presente curso no que non se fixo absolutamente ningunha valoración.

Para finalizar agardamos que para o inicio do próximo curso escolar **TODO o profesorado** poida estar vacunado e que ao profesorado vulnerable (que agardamos sexa cada vez un número menor) se lle faga unha valoración da súa situación en condicións e se tomen as medidas de protección que sexan necesarias.

A Administración informa de que non haberá grupos en primaria que superen os 25 alumnos/as. En secundaria e outras etapas educativas aínda non están configurados os grupos, pero a Consellería indica que haberá o profesorado que faga falta e admite que haberá profesorado adicional.

A dotación da máscaras para profesorado e todo o persoal dos centros está xa aprobada para que estea distribuída nos centros educativos a comezo de curso.

Tamén confirma que existirá, ao igual que este curso escolar, un fondo de garantía educativa que poida estar a disposición dos centros tamén a principios de curso.

Nunha segunda intervención ANPE Galicia insiste en que no apartado 3 do protocolo debe falarse de 1,5 metros como indica o Ministerio, distancia que non aparece por ningún lado no documento. O documento fala de que no nivel 3 e 4 a Administración adoptará as medidas que se determinen e ANPE Galicia insiste en que xa hai unha medida determinada (por parte do Ministerio) para eses casos.

Insistir tamén na petición de autorización dos desdobres que sexan necesarios para garantir a presencialidade durante todo o curso académico por riba doutras opcións como poden ser a semipresencialidade ou o ensino telemático.

Demandamos tamén que se reúna a principios de curso e se poña en funcionamento o Comité de Seguridade e Saúde Laboral agora que a CSIF desistiu do pleito xudicial que tiña interposto e que paralizaba a constitución do mesmo, para tratar tamén sobre este tipo de cuestións que se recollen no protocolo.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Trasladamos a dificultade do profesorado que tivo algún tipo de incidencia na vacinación á hora de obter o certificado de vacinación COVID sendo de MUFACE con cobertura sanitaria prestada por entidades privadas.
- Demandamos que a Administración active ao profesorado que superou o proceso selectivo para poder facer a petición do CADP xa que soamente teñen dous días hábiles para facelo.
- Denunciar a situación que ano tras ano se repite nos procesos selectivos en determinadas especialidades onde soamente pasan a primeira proba dous, tres aspirantes en cada tribunal.
- Demandamos información sobre a situación do proceso de Cátedras de Secundaria e a situación xudicial das Cátedras de Música. **O concurso de Cátedras de secundaria dificilmente estará resolto este mes. A Administración terá previsto publicar a puntuación provisional este mes para abrir o prazo de reclamacións. Posiblemente todo o proceso estará rematado no último trimestre do ano con vixencia do 1 de xaneiro de 2022. Con respecto ao tema de Cátedras de Música e Artes Escénica a Administración indica que non ten pretensión de executar a sentenza ata que estean resolto todos os procesos xudiciais que aínda quedan pendentes.**
- Preguntamos se as prazas de convenios, atención preferente etc cubriranse antes da adxudicación do CADP para que poidan adxudicarse as vacantes xeradas. **A administración resposta afirmativamente.**
- Solicitamos información sobre a postura da Administración sobre os procesos de estabilización dos interinos/as e as medidas do RDL 14/2021. **A Administración resposta que hai moitas dúbidas por parte da Consellería sobre que medidas son de aplicación ao persoal interino docente e cales non xa que os interinos e interinas cesan cada ano e non hai postos cubertos durante 3 anos. Moitos aspectos que deben ser aclarados xuridicamente.**
- Solicitamos a devolución das taxas das listas de substitucións que finalmente non se resolveron e tamén dos aspirantes dos procesos selectivos do ano 2019 que, por determinadas circunstancias, duplicaron o pagamento de taxas e que aínda non obtiveron o reembolso das mesmas.